



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-1502100 1

BASES DE SELECCIÓN QUE REXERÁN A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE PARA A CONTRATACIÓN DE TRES TRABALLADORES/AS DE OBRAS PÚBLICAS PARA A CUADRILLA DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS SUBVENCIONADA POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES, ANUALIDADE 2016.

1.-OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regular a elaboración dunha listaxe para a contratación de tres traballadores/as de obras públicas para a cuadrilla de obras e servizos do Concello (un oficial de 1ª, un oficial de 2ª e un peón).

A modalidade contractual que se empregará será a de obra ou servizo determinado, a xornada completa, ata o 31 de decembro de 2016, condicionando o contrato á subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial da Coruña a través das bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 75 do 21 de abril de 2016 e da aprobación do Programa publicada no número 118 do 22 de xuño de 2016.

A obra ou servizo determinado obxecto da subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial da Coruña (CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS) é apoiar aos concellos da provincia para que presten os servizos mínimos, en virtude das competencias atribuídas polo artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

2.- REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS

2.1.- Os traballadores e traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

2.2.- Para tomar parte na selección será preciso reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, e que estean debidamente xustificadas:

a) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima establecida para a xubilación forzosa.

b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias do posto obxecto desta convocatoria.

c) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

d) Estar incluídos/as, segundo o previsto no punto 3 da convocatoria da subvención, nalgunha das situacións de exclusión social:

- mulleres

- maiores de 45 anos

- persoas con discapacidade: persoas que teñan recoñecida unha discapacidade nun grao igual ou superior ao

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
Dpto. Xeral de Goberno e Administración
Unidade de Xestión de Recursos Humanos
Obradoiro de Selección de Personal
Este documento o día 15 de 07 de 2016
118



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-1502100 1

33%.

- persoas desfavorecidas que estean incluídas nas seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental e persoas con problemas para atopar emprego por idioma ou cuestións socioculturais.
- parados de longa duración (aos efectos deste programa máis de dous anos, como mínimo, como demandantes de emprego)
- persoas vítimas de violencia de xénero.

3.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As persoas que desexen participar nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. alcalde do Concello de Carral que se presentará no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que establece o artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Neste último caso deberase remitir copia da solicitude ao fax do Concello (981672282) antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes.

Unha vez publicado o correspondente anuncio no taboleiro e na páxina web do Concello (www.carral.es) iniciarase o prazo para a presentación de solicitudes que será de DEZ DÍAS NATURAIS. As persoas interesadas terán a súa disposición na páxina web e nas oficinas municipais o modelo de solicitude. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

A selección realizarase mediante o **sistema de concurso**, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes, e unha **entrevista persoal**.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o Concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria e subvencionado pola Excm. Deputación da Coruña, para cubrir postos que queden vacantes como consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias,


- baixa por IT, do/a titular.
- baixa por maternidade da titular máis o permiso por lactación cando se acumule en xornadas completas.
- vacacións, permisos ou descansos do/a titular.
- vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por calquera outro motivo.

acudirá a dita bolsa, seleccionando ao/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ao/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ao final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

No suposto de que conste en poder do Concello documentación acreditativa conforme a que a persoa que vai ser chamada para o posto xa está traballando, ben sexa para o propio Concello, para calquera outra administración ou para unha empresa privada, entón non se procederá ao seu chamamento, pasando a seleccionarse á persoa seguinte da lista. Non se aplicará o exposto no presente parágrafo, respecto dos chamamentos que se realicen para cubrir postos onde se teña que empregar a modalidade contractual de servizo determinado, tendo o Concello obrigatoriamente que comezar a chamar á primeira persoa da lista, independentemente do coñecemento da súa situación laboral.

A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado.

4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-1502100 I

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se achega a estas bases (anexo I) e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Carral en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres, ou os sábados de 10.30 a 13.30 así como por calquera dos procedementos que establece o artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Copia compulsada polo Concello de Carral ou notario do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- b) Anexo II. Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- c) Acreditación de pertencer a algún dos colectivos do punto 3 das bases publicadas no BOP nº 75 do 21 de abril de 2016.
- d) Documentación que acredite que se remataron favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas.
- d) Contratos de traballo acompañados de informe de vida laboral.
- e) Anexo III. Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles en orixinal ou copia compulsada polo Concello de Carral ou notario.

Non se admitirá máis documentación que a presentada con anterioridade á data límite de presentación de solicitudes.

5.- BAREMO XERAL DE MÉRITOS: (5,5 puntos)

5.1.- Circunstancias persoais: (3 puntos)

- a) mulleres. 0,5 puntos
- b) maiores de 45 anos. 0,5 puntos
- c) persoas paradas de longa duración. 0,5 puntos
- b) persoas con discapacidade. 0,5 puntos
- c) persoas desfavorecidas incluídas nalgunha das situacións recollidas no punto 2.2.d) das presentes bases. 0,5 puntos
- d) persoas vítimas de violencia de xénero. 0,5 puntos.



Haberá que acreditar as circunstancias anteriores con orixinais ou copias compulsadas expedidas polas oficinas do Servizo Público de Emprego, polos servizos sociais municipais, pola Administración Autónoma, etc.

5.2.- Experiencia profesional e formación especializada: (1,5 punto)

- 0,05 puntos por mes traballado en postos con funcións iguais ou similares aos que se pretende ocupar: ata un máximo de 0,75 puntos.
- 0,05 puntos por hora de formación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas e por cursos relacionados coas funcións propias dos postos a ocupar: ata un máximo de 0,75 puntos.

DILIXENCIA para poder constar que Alcalde/Ayuntamiento de Carral
Carabou e Xunta Municipal/ Ayuntamiento de Carral
Este documento é válido desde o día 15 de abril de 2016

3/8





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

A experiencia laboral acreditarase coa presentación de fotocopia compulsada ante notario ou polo Concello de Carral dos contratos de traballo e da vida laboral e a realización dos cursos cunha fotocopia compulsada ante notario ou polo Concello de Carral.

5.3.- Entrevista persoal: (1 punto)

Realizarase unha entrevista persoal a cada unha das persoas aspirantes onde se valorará a especial aptitude e coñecemento do medio para as tarefas pretendidas.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados, estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Sonia Campos Ares, técnica xurídica do Concello de Carral (titular)
Balbina Fuentes Aradas, auxiliar administrativa secretaria (suplente)
- Secretario (sen voto): Diego García Doval, secretario municipal (titular)
Noemí González Mato, interventora municipal (suplente)
- Vogais: Amalia María Seijas Seoane, tesoureira accidental municipal (titular)
M^a Dolores Pinilla López, auxiliar administrativa persoal (suplente)
María José Couto López, técnica medioambiente municipal (titular)
Beatriz Cabanas Lozano, técnica de educación municipal (suplente)

Segundo o recollido no art. 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

Os membros do tribunal serán persoal do propio Concello, non tendo dereito a percibir as indemnizacións por asistencia correspondentes segundo o RD 462/2002, do 24 de maio.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente e do secretario/a, esta última persoa sen voto.


O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o previsto nas bases, así como para a interpretación destas.

7.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

No decreto de aprobación destas bases designarase a unha persoa encargada de recibir e comprobar a presentación polos/as candidatos/as da documentación requerida e de realizar unha valoración preliminar das solicitudes, valoración que deberá presentar ao tribunal para a súa comprobación, verificación e a emisión do informe correspondente.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello.

COPIA: Foro facer constar que Alcedo/Interno
de 15 de maio de 2016
81



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia a aquela persoa candidata que máis antigüidade teña coma inscrita no Servizo Público de Emprego.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto (previos os trámites que se indican nas bases seguintes e a preceptiva fiscalización da Intervención Municipal), que será publicado no taboleiro de edictos do Concello.

8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Os aspirantes propostos para ocupar os postos deberán presentar no rexistro do Concello a seguinte documentación:

- Certificado médico (ou equivalente) oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.
- Copia compulsada da tarxeta de desemprego.
- Copia compulsada da tarxeta da seguridade social
- Certificado orixinal de titularidade de conta bancaria así como número IBAN.

Se o Concello considera que o certificado médico achegado non é o suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, o/a aspirante proposto/a deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o Concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase o certificado médico, este fose desfavorable ou o informe da mutua (en caso de ter que pasar a revisión) tamén fose desfavorable, o/a aspirante non será nomeado para a praza, quedando anuladas todas as súas actuacións. Neste suposto procederase a chamar á persoa seguinte da lista (segundo a orde de puntuación resultante do proceso selectivo), tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, a circunstancia contemplada no presente artigo.

9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior e, previa fiscalización preceptiva da intervención municipal, formalizarase o contrato entre o Sr. Alcalde do Concello e os aspirantes seleccionados .

Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ao posto, os aspirantes non terán dereito á percepción económica algunha.

Carral, 1 de xullo de 2016

O alcalde

José Luís Fernández Mouriño

DILIXENCIA: Para facer constar que Alcaldía/Concello de Carral, no interese de formalizar o contrato de emprego, se declara de acordo con o expediente de selección de persoal para ocupar os postos de traballo de 15 de maio de 2016.

518



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-1502100 1

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D/a provisto/a de D.N.I.
nº con endereço na
R/ nº piso
C.Postal..... Localidade.....
Municipio..... Provincia..... Teléfono.....

Enterado/a do posto de traballo que o Concello de Carral pretende cubrir para

OFICIAL DE 1ª/ALBANEL

OFICIAL DE 2ª/ALBANEL

PEÓN/ALBANEL

DECLARO:

1º.- Que coñezo e acepto na súa integridade e sen obxección ningunha as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ao referido concurso, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

Xunto coa instancia, achego a seguinte documentación:

Copia compulsada do D.N.I en vigor (ou documento que acredite a súa nacionalidade).

(ANEXO II).- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na legislación vixente.-

Documentación que acredite algunha das circunstancias recollidas no punto 3 das bases publicadas no BOP nº 75 do 21 de abril de 2016 e no punto 5 das presentes.

(ANEXO III).- Relación de méritos que se xustifican e forma de acreditación.-

Carral, de de 2016

Asdo.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO CARRAL

PROCESO DE SELECCIÓN DE ALBANELES
CONCURSO DE SELECCIÓN DE ALBANELES
CONVOCATORIA NÚMERO 15 DO 15 DE ABRIL DE 2016
618

